



## **O CONSELLO DE EUROPA INSTA AOS ESTADOS MEMBROS A REDUCIR A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DA TELEFONÍA MÓVIL, DO WIFI, DA ALTA TENSIÓN ... A APDR INSTA ÁS ADMINISTRACIÓNS A NON ESPERAR PARA ACTUAR**

A APDR (e demais colectivos veciñais, ecoloxistas e de afectados compoñentes da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética –PECCE-) nos congratulamos pola aprobación da Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa sobre os perigos potenciais dos campos electromagnéticos e os seus efectos sobre o medio ambiente. O documento, ratificado o derradeiro 27 de maio, avala moitas das reivindicacións que ditas organizacións propugnan desde fai anos na redución dos riscos para a saúde destes campos.

A APDR e a PECCE solicitan as autoridades competentes (na administración central, autonómica e local) que se poñan rapidamente a traballar na súa aplicación, xa que como di a Resolución: “Esperar ... pode provocar uns custos sanitarios e económicos moi elevados, como foi o caso no pasado co amianto, a gasolina con chumbo e o tabaco”

En liña cos colectivos de afectados, a Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa invita aos gobernos da Unión Europea "a tomar tódalas medidas razoables para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas polos teléfonos móbiles, e en particular a exposición dos nenos e xente nova, para quen o risco de tumores na cabeza parece maior", a "aplicar o principio ALARA (o nivel máis baixo razoablemente posible)" e a "prestar especial atención ás persoas electrosensíbeis".

Respecto a o uso particular de dispositivos emisores de microondas (telefonía móbil, DECT, Wi-Fi, WIMAX e WLAN, interfonos de vixilancia de bebés): recomenda “establecer limiares de prevención para os niveis de exposición a longo prazo ... de conformidade co principio de precaución, non superiores a 0,6 V/m e reduciilo a medio prazo a 0, 2 V/m” (1.000 a 450 veces menos que os límites actuais); “introducir un sistema de etiquetado claro que indique a presenza de microondas”, “a potencia de transmisión” e “os riscos para a saúde relacionados co seu uso”, así como “o uso de teléfonos con cable nos fogares ou, na súa falta, modelos que non emitan permanentemente ondas pulsadas”.

Sobre a protección da infancia, o Consello de Europa insta aos 47 estados da UE a "deseñar no ámbito dos diferentes ministerios (Educación, Medio Ambiente e Sanidade), campañas de información dirixidas a mestres, pais e nenos para advertirlles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e outros dispositivos que emiten microondas"; e a "dar preferencia, para os nenos en xeral e especialmente nas escolas e nas aulas, aos sistemas de acceso a Internet a través de conexión por cable.", na liña xa solicitada pola APDR e a Federación Ecoloxista Galega ante a obrigabilidade do Wi-Fi no Plan Abalar.

En canto á planificación de instalacións, aconsella entre outras, unha “distancia de seguridade entre as liñas de alta tensión e outras instalacións eléctricas e as vivendas”, "normas de seguridade estritas para controlar o impacto sanitario das instalacións eléctricas nas casas novas", "reducir o limiar admisible para as antenas de conformidade co principio ALARA e instalar sistemas de seguimento global e continuo de tódalas antenas"; e “consultando ás autoridades locais, residentes e asociacións de cidadáns afectados" para a súa localización.

Por último, a APDR destaca, o Consello de Europa invita a "aumentar a financiación pública da investigación independente”, a que sexa obligatoria “a transparencia nos grupos de presión”, así como a "promover debates pluralistas e polémicos entre tódalas partes interesadas”.



NOS SEGUINTES ENLACES PÓDESE LER A RESOLUCIÓN Nº 1815 EN GALEGO, CASTELÁN, INGLÉS E FRANCÉS

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones\\_Europeas/Resolucion.A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion.A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf)

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones\\_Europeas/Resolucion.A.P.Consejo.Europa.27.05.11.pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Instituciones_Europeas/Resolucion.A.P.Consejo.Europa.27.05.11.pdf)

<http://assembly.coe.int/Mainf.asp?link=/Documents/AdoptedText/ta11/eRES1815.htm>

<http://assembly.coe.int/Mainf.asp?link=/Documents/AdoptedText/ta11/FRES1815.htm>